XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

AAE/AS

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE APROBA O DOCUMENTO DE REFERENCIA PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR EN QUENXE DO CONCELLO DE CORCUBIÓN.

CLAVE: 2010AAE1079

A *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*, que traspón a Directiva 2001/42/CE, establece a obrigatoriedade de someter a avaliación ambiental os plans e programas que poidan ter efectos significativos sobre o ambiente.

A tal fin, recíbese na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data de 7 de decembro de 2011, un anteproxecto de planeamento de conformidade co artigo 86.1.g da *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural* (en diante LOUG), para a avaliación ambiental estratéxica do Plan especial de reforma interior en Quenxe.

O Concello de Corcubión carece dun instrumento de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas subsidiarias municipais do 13 de xaneiro de 1989, modificadas de forma puntual dúas veces, no ano 1994 e no 1999.

De conformidade co artigo 5 apartado d) da *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral*, e sobre a base dos criterios do anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril, o órgano ambiental concluíu que o Plan podería ter efectos significativos sobre o ambiente, polo que se somete ao procedemento de Avaliación ambiental estratéxica, sendo comunicado ao Concello de Corcubión con data de 14 de xaneiro de 2011.

O artigo 84.5 da LOUG, de conformidade co artigo 9 da Lei 9/2006, indica que o órgano ambiental comunicará ao órgano promotor mediante un documento de referencia a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do informe de sustentabilidade ambiental, incluíndo ademais os criterios ambientais estratéxicos, indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables en cada caso. Definiranse así mesmo as modalidades de información e consulta e identificaranse as Administracións públicas afectadas e o público interesado.

Á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, esta Secretaría Xeral resolve aprobar o Documento de referencia do Plan especial de reforma interior en Quenxe, que se xunta. O detalle das consultas realizadas para a elaboración del figuran no anexo I.

O que se comunica ao Concello de Corcubión, para a súa consideración no proceso de planificación e se fai público mediante a súa inserción na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2011

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Asdo.: Justo de Benito Basanta

DOCUMENTO DE REFERENCIA para a Avaliación ambiental estratéxica do Plan especial de reforma interior en Quenxe

Concello de Corcubión

1. Metodoloxía

O DR aprobado, guiará ao órgano promotor no proceso de Avaliación ambiental estratéxica (AAE) do Plan, tendo por obxecto garantir a integración dos criterios de sustentabilidade ambiental na toma de decisións do planeamento. Para isto, determinaranse as **variables e criterios de sustentabilidade** que serán a base para a análise das alternativas propostas e a avaliación dos efectos da que finalmente sexa seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva de planeamento, plasmarase nun **informe de sustentabilidade ambiental** (en diante ISA)**,** cuxa amplitude e nivel de detalle se determina neste DR.

Estas variables e criterios serán obxectivados nunha serie de **indicadores** que facilitarán, por unha parte, a análise da sustentabilidade das propostas ata chegar á alternativa seleccionada, así como a identificación e seguimento dos seus posibles efectos.

O **Plan aprobado inicialmente**, incluíndo as alternativas refugadas e as súas avaliacións, será sometido ao **proceso de participación e consultas** de acordo co establecido neste DR. O resultado do proceso recollerase nun **informe** no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se toman en consideración e se integran no Plan, as observacións, alegacións, e informes sectoriais recibidos.

Realizadas as consultas, e con carácter **previo á aprobación definitiva**, remitirase ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- **Certificación do órgano promotor cunha relación da documentación que presenta na SXCAA para a elaboración da Memoria ambiental.**
- **Plan** para aprobación definitiva do que forma parte o **ISA** (segundo a estrutura recollida no apartado 7).
- **Proposta de Memoria ambiental.**
- **Informe de participación e consultas** (segundo se recolle no apartado 7.3), que inclúa:
  - Certificación do órgano promotor coas datas do período de información pública, nº do DOG e relación dos diarios seleccionados para a difusión (incluídas datas de publicación).

- Relación compulsada da solicitude tanto de informes sectoriais como das consultas establecidas neste DR (administracións públicas e público interesado) coas datas de solicitude, obtivesen ou non resposta.
- Copia compulsada dos informes sectoriais recibidos e das alegacións (non será preciso en principio, achegar copia das alegacións formuladas por particulares).

Con esta información, o órgano ambiental redactará nun **prazo de 2 meses** dende a súa recepción, a **Memoria ambiental**, a través da cal validará o procedemento de AAE, establecendo as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan que se aprobe definitivamente.

Unha vez aprobado o **Plan definitivamente**, o órgano promotor cumprirá os requirimentos de **publicidade** establecidos no artigo 14 da Lei 9/2006, poñéndoo a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no mesmo artigo.

Finalmente, o órgano promotor realizará un **seguimento** dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do Plan, no que o órgano ambiental participará.

Pasos a seguir no procedemento de AAE recibido o DR

Fase	Obxectivos	Accións	Plásmase en:	Organismo responsable
Análise de alternativas e determinación de efectos na sustentabilidade	Estudar as alternativas viables e confrontalas coas variables e criterios de sustentabilidade establecidos	Análise da alternativa cero e proposta doutras alternativas Integración dos criterios de sustentabilidade Selección da alternativa	Versión preliminar do Plan ISA	Órgano promotor
Aprobación inicial do Plan				
Participación e consultas*	Fomentar a transparencia e a participación cidadá	Realizar as consultas establecidas no DR Facilitar a participación do público interesado Considerar os resultados do proceso de participación e consultas	Informe de participación e consultas	Órgano promotor
Validación do procedemento pola SXCAA	Valorar a integración dos criterios de sustentabilidade na proposta de planeamento	Analizar o proceso de AAE, o ISA e a súa calidade Avaliar o resultado das consultas e como se tomaron en consideración Analizar os efectos na sustentabilidade da aplicación do Plan	Memoria ambiental	SXCAA
Proposta definitiva do planeamento	Integrar os resultados da AAE	Redactar a proposta do Plan cos condicionantes da Memoria ambiental	Proposta do Plan para aprobación definitiva	Órgano promotor
Aprobación definitiva do Plan				
Publicidade				
Seguimento				

* No caso de que as alegacións ou comentarios recibidos no período de consultas impliquen modificacións significativas da versión preliminar do planeamento, deberanse estudar os efectos da nova proposta na sustentabilidade e someter o novo documento a outro período de participación e consultas.

2. Obxectivos e análise da contorna

2.1. Obxectivos e motivación para a elaboración do Plan

O obxecto do Plan especial de reforma interior (PERI) será adaptar a ordenación prevista nas Normas subsidiarias de planeamento municipal (NSP), ás determinacións da LOUG, dun baleiro urbano na zona de Quenxe e levar a cabo o seu desenvolvemento, no que se manterán os viarios e as parcelas fixadas nas NSP. Incluiranse na ordenación, as dotacións de equipamentos e de espazos libres necesarias segundo o establecido na LOUG, en relación aos límites de sustentabilidade, calidade de vida e cohesión social.

2.2. Descrición da contorna

O ámbito de actuación ten unha superficie total de 10.926,92 m^2 e está situado a uns 500 m cara ao sur do núcleo de Corcubión, na contorna da praia de Quenxe. Conta con acceso directo á estrada AC-445 pola súa zona oeste. Linda ao norte cun grupo de vivendas de baixo+3, polo sur cun establecemento hostaleiro con vivendas unifamiliares de baixo+2 próximas, e polo leste co paseo marítimo.

Trátase dunha zona dunha pendente media do 10%, na que a diferenza de cotas entre a zona máis alta (AC-445) e a máis baixa (paseo marítimo) é de aproximadamente 14 metros.

Na parte máis baixa do ámbito, a carón do paseo marítimo, sitúase o Museo Marítimo de Corcubión, situado nunhas antigas fábricas de salgadura, e que conta cunha superficie de 2.400 m^2. A través do PERI está previsto que o Museo manteña a súa actividade actual, tentando dende a panificación potenciala.

Nin no sector nin na súa contorna inmediata existe ningún espazo natural incluído na Rede galega de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 ou áreas protexidas. Trátase dun ámbito moi antropizado, no que a vexetación sufriu unha importante transformación, onde non se identifican teselas con hábitats de interese comunitario ou cursos de auga de importancia. Como elementos singulares pódense destacar a praia de Quenxe ao sur do ámbito e a propia ría.

Segundo as ordenanzas das NSP o posible desenvolvemento do ámbito permitiría a execución de aproximadamente 50 novas vivendas, sen embargo, na proposta do Plan, adaptada á LOUG o crecemento será dunhas 30 vivendas.

As determinacións da LOUG confírenlle ao ámbito unha edificabilidade de 0,5 m^2/m^2, polo que o aproveitamento resultante será de 5.463,46 m^2 dos cales 2.400 m^2 corresponderán ao Museo existente.

3. Variables, criterios e nivel de detalle do estudo para a sustentabilidade do Plan

A continuación enuméranse as variables sobre as que o planeamento urbanístico vai producir afeccións ou polas que se ve afectado, os criterios a aplicar sobre as variables cara a unha planificación sustentable, así como o nivel de detalle co que se deben analizar as implicacións dos criterios establecidos.

- **PAISAXE**

O PERI proxéctase nun enclave de borde costeiro visible dende diversos puntos da ría, a menos de 500 m da costa. A ordenación das novas construcións deberá fomentar a súa correcta integración na paisaxe costeira, apostando por unha disposición que permita a maior permeabilidade visual no sector, dende, e cara á ría.

Sinalar que o PERI atópase incluído dentro dunha área de ordenación do Plan de ordenación do litoral (POL) polo que calquera actuación deberá ter en conta os criterios e normas xerais establecidos neste, como son, entre outros, a adaptación ao relevo, a naturalización da urbanización, fomento da conectividade e permeabilidade, etc.

Criterio: **Favorecer a integridade paisaxística**. Nivel de detalle:

- Realizar un estudo paisaxístico previo dende as dúas dimensións da paisaxe: a paisaxe total ou global (síntese dos procesos) e a paisaxe visual (estética).
- Identificar as zonas con fraxilidade paisaxística.
- Preservar, protexer e poñer en valor as compoñentes e elementos de interese paisaxístico.
- Contribuír á recuperación de compoñentes ou elementos que favorezan a calidade paisaxística.
- Adaptar as actuacións e estruturas que propoña o planeamento na paisaxe existente.

- **NATUREZA**:

Nun ámbito moi antropizado de marcado carácter urbano, no que a vexetación predominante son herbáceas, cómpre facer referencia máis á contorna litoral mariña. Cómpre sinalar que o Plan hidrolóxico de Galicia Costa (PHGC) recolle a ría como zona protexida de produción de moluscos bivalvos e gasterópodos e o POL inclúe a praia de Quenxe e parte da súa contorna como área de protección costeira.

Criterio: **Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais**. Nivel de detalle:

- Identificar os espazos incluídos na Rede galega de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais presentes no ámbito, conforme ás categorías incluídas na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.

- Identificar os tipos de hábitats naturais e as especies animais e vexetais de interese comunitario (Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade), as formacións xeolóxicas, xeomorfolóxicas e edáficas que pola súa rareza, singularidade ou importancia científica, requiran algún tipo de protección. Así mesmo, avaliarase a incidencia do Plan sobre as especies de flora e de fauna incluídas no Catálogo de especies ameazadas de Galicia (Decreto 88/2007 do 19 de abril).
- Protexer os valores naturais susceptibles de ser preservados.
- Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables.
- Contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito como fóra del.

Criterio: **Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais**. Nivel de detalle:

- Potenciar a relación humana coa natureza mediante a restauración e posta en valor dos diferentes elementos naturais, patrimoniais, culturais e identitarios e o fomento da súa utilización de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediato no que se insiren.
- Garantir o acceso para o uso e desfrute dos espazos naturais acorde coas súas características.
- Promover o uso de especies arbóreas autóctonas dentro do sector.
- Axeitar a intensidade dos usos á capacidade de acollida do medio.

- **PATRIMONIO**:

Segundo o documento de inicio, o PERI apostará pola conservación do edificio do Museo Marítimo existente no sector e a potenciación das súas actividades. Os planos de emprazamento recollen zonas en ruínas na a parte sur do Museo. Dado que un dos obxectivos do Plan é o potenciar as actividades do Museo, o planeamento fomentá a rehabilitación da parte ou partes que podan ter un menor grao de conservación ou se atopen en estado de ruína.

Criterio: **Preservar e valorizar os elementos patrimoniais**. Nivel de detalle:

- Identificar os elementos patrimoniais destacables: BIC, bens inventariados e bens catalogados.
- Preservar os elementos patrimoniais identificados e formular solucións para o seu legado.
- Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.

- **SOCIOECONOMÍA**:

Criterio: **Considerar a estrutura demográfica do ámbito e da área de influencia**. Nivel de detalle:

- Valorar as necesidades asistenciais, sociais, educativas, de ocio e calquera outra necesidade destacable en función das características da poboación actual e futura e considerar as posibilidades no ámbito de influencia.

Criterio: **Contribuír a unha contorna saudable**. Nivel de detalle:

- Considerar o benestar dos habitantes á hora de localizar as diferentes actividades.
- Contribuír á redución das situacións de risco de enfermidades a través dunha contorna saudable.

Criterio: **Garantir a non exclusión**. Nivel de detalle:

- Considerar a perspectiva dos colectivos vulnerables no deseño das alternativas de planeamento atendendo ás posibles discapacidades psíquicas ou físicas ou as limitacións socioeconómicas.
- Garantir unha posibilidade de acceso equitativa e proporcionada aos servizos comunitarios para a poboación.

Criterio: **Favorecer a cohesión social**. Nivel de detalle:

- Promover o aumento das posibilidades de relación entre os habitantes mediante a creación de espazos de encontro de calidade, ben comunicados e con diferentes tipoloxías en función das características da poboación.
- Favorecer o acceso aos citados espazos, así como aos servizos comunitarios e á información sobre a existencia e funcionamento deles.

Criterio: **Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no concello**. Nivel de detalle:

- Favorecer a participación nos procesos de planificación urbanística e toma de decisións que máis afectan á cidadanía, contemplando a formación previa básica para unha mellor compresión da dinámica e finalidade dos procesos nos que participen.

- **MEDIO URBANO**:

Nunha zona urbana, na que o eixo condutor da trama urbana ven establecida pola estrada AC-445, a ordenación detallada do PERI, tentará establecer unha trama ben conectada coa estrada citada e compactar o tecido existente na súa contorna.

Criterio: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade**. Nivel de detalle:

- Favorecer un tecido urbano compacto ou consolidado, e á vez esponxado.
- Fomentar a diversidade de usos no ámbito.
- Contribuír a un deseño dos espazos libres e de interacción coa natureza, coa cultura e coas persoas que sexan accesibles e de calidade.
- Contribuír a unha zonificación e localización de equipamentos que favorezan unha conexión eficiente cos principais destinos, minimizando as distancias e facilitando modos de transporte máis eficientes.

Criterio: **Minimizar as afeccións do planeamento sobre as actividades e estruturas socioeconómicas da contorna**. Nivel de detalle:

- Considerar a actividade socioeconómica da contorna do sector para minimizar as posibles afeccións que podería sufrir co desenvolvemento urbanístico que se formule

- **MOBILIDADE**:

O PERI está situado moi próximo, a escasos 500 m, do núcleo da vila de Corcubión, nodo principal dos transportes públicos existentes no Concello. Dende o Concello estase a promover a mellora da accesibilidade ao sector co acondicionamento de beirarrúas e melloras no paseo marítimo que dan acceso á vila, e por conseguinte á rede de servizos municipais. En todo caso, promoveranse dende o planeamento, medidas que permitan unha mobilidade eficiente fomentándose o transporte colectivo e as rutas peonís fronte ao uso de medios motorizados.

Criterio: **Reducir as necesidades de mobilidade**. Nivel de detalle:

- Realizar unha análise das necesidades de mobilidade derivada das infraestruturas e dotacións proxectadas.
- Optimizar a localización das alternativas de maneira que se de resposta aos obxectivos e á funcionalidade prevista, e se minimicen os desprazamentos.
- Fomentar unha zonificación que favoreza a redución dos desprazamentos do tráfico no interior do ámbito.

Criterio: **Facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos**. Nivel de detalle:

- Integrar a alternativa seleccionada no sistema de mobilidade da contorna.
- Fomentar unha zonificación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos e equipamentos.
- Deseñar itinerarios axeitados á necesidade de desprazamento alternativo.
- Favorecer a intermodalidade nos medios de transporte.
- Mellorar a eficacia do transporte público terrestre considerando as súas necesidades de infraestruturas.
- Facilitar o acceso ás zonas de valor paisaxístico, histórico-cultural e patrimonial.

- **ENERXÍA**:

Criterio: **Promover o aforro no consumo enerxético**. Nivel de detalle:

- Contribuír á redución da demanda global enerxética.
- Considerar a implantación de infraestruturas e instalacións eficientes.
- Fomentar a implantación de sistemas enerxéticos de baixo consumo, así como outras fórmulas de aforro enerxético nas instalacións e dependencias.
- Considerar o aforro enerxético no deseño da malla urbana e no deseño das solucións de edificación propostas.

Criterio: **Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables**. Nivel de detalle:

- Valorar a posibilidade da obtención de enerxía mediante recursos renovables.

- **ATMOSFERA**:

Criterio: **Controlar as emisións contaminantes**. Nivel de detalle:

- Localizar as principais fontes de calquera tipo de contaminación atmosférica: fisicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética.
- Establecer mecanismos de cara a redución das emisións contaminantes identificadas e buscar solucións que contribúan a minimizar os efectos delas sobre o medio.

- **CICLO HÍDRICO**:

O Plan asegurará a eficacia dos servizos de abastecemento e saneamento e a súa adaptación ás demandas futuras da poboación do sector. Ao respecto do abastecemento, deberanse identificar e xustificar a orixe da auga coa que se vai abastecer o incremento do consumo previsto, ao mesmo tempo que garantirá o bo estado das augas, o mantemento dos caudais ecolóxicos e da calidade dos recursos hídricos, favorecendo a redución do risco de contaminación das augas, tanto superficiais como subterráneas.

No referente ao saneamento adoptaranse as solucións necesarias para cubrir este servizo, adaptándose ás características do sector. Identificaranse os puntos de vertido da rede e, de ser o caso, alí onde o sistema xeral non poida dar servizo, buscaranse solucións de depuración adaptadas como poden ser sistemas de depuración locais, evitando en todo caso o deterioro da calidade do medio receptor.

Criterio: **Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos**. Nivel de detalle:

- Estudar a capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento.
- Estudar as afeccións existentes sobre as fases do ciclo hídrico.
- Considerar a permeabilización das zonas antropizadas de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico.
- Xustificar calquera actuación nas zonas de policía nos cursos fluviais afectados polo planeamento do ámbito.

Criterio: **Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento**. Nivel de detalle:

- Estudar a utilización pública dos recursos hídricos (localización e sistemas de captación e retorno para o abastecemento e o saneamento).
- Considerar a utilización do recurso segundo as unidades de bacía.
- Calcular a capacidade do sistema de abastecemento previsto tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos e considerando tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede.

- Deseñar un sistema de depuración suficientemente dimensionado para as augas residuais acorde ás características delas e a súa orixe (dotacional).
- Formular solucións para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento.

Criterio: **Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos**. Nivel de detalle:

- Establecer determinacións que posibiliten a redución no consumo de auga no concello.
- Apostar pola eficiencia das infraestruturas e instalacións de abastecemento e saneamento.

- **CICLO DE MATERIAIS**:

Promoverase a redución da produción de residuos asociados, tanto á fase de construción como á fase de funcionamento das vivendas, usos dotacionais previstos e do Museo.

O sector conta ten acceso directo á estrada AC-445 no que se presta os servizo municipal de recollida de residuos urbanos. Non obstante, o previsible incremento da cuantía dos residuos, derivado das actividades do PERI, fai necesario elaborar unha diagnose previa da cantidade dos residuos que se poden xenerar, de cara a facilitar a elección das solucións máis idóneas para a súa xestión.

Criterio: **Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos**. Nivel de detalle:

- Regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais, e fomentar a reutilización e a reciclaxe.
- Potenciar a reutilización, a reciclaxe e a valorización dos materiais.
- Estimar a xeración de residuos segundo a súa tipoloxía.
- Prever unha dotación adecuada de espazos para a recollida, o tratamento e a xestión de residuos.
- Garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos RU e de calquera outro tipo de residuos para a totalidade do sector.

- **SOLO**

Dende o PERI tentarase elaborar unha ordenación detallada na que prevalezan o maior número posible de zonas libres e espazos verdes fronte á ocupación do solo coas novas edificacións previstas.

En todo caso, estudarase o ámbito do Plan en relación á superficie total do Concello e a súa relación con outros plans de desenvolvemento levados a cabo, ou previstos, polo Concello, xa que se trata dunha zona situada a menos de 500 m da costa, con valores paisaxísticos e patrimoniais, que pode ser destinada a espazo libre, con servizo á totalidade da poboación, garantindo a salvagarda dos seus valores paisaxísticos e patrimoniais.

Criterio: **Axustar os usos á contorna e aos obxectivos propios deste planeamento**. Nivel de detalle:

- Actualizar a análise do estado do recurso solo, no tocante á distribución dos seus usos, o seu estado de conservación e a súa capacidade portante de cara á edificación.
- Considerar as previsións de calquera outro tipo planeamento ou proxecto con repercusións no sector e o seu ámbito de influencia.
- Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta co desenvolvemento do sector de modo coherente coa dinámica socioeconómica do da súa área de influencia.
- Na zonificación do solo terase especial coidado cos sectores situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor.
- Quedarán salvagardados os espazos susceptibles de se ver afectados por riscos naturais e socioeconómicos.
- Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos nos novos espazos urbanos, así como dos hábitats naturais.
- Considerar os espazos con importante impacto visual en función das súas características.
- Xustificar a idoneidade da clasificación do solo con respecto ás demais variables estudadas.

Criterio: **Fomentaranse estruturas densas, compactas e complexas**. Nivel de detalle:

- Priorizar os desenvolvementos urbanísticos sobre espazos antropizados, primando a compactidade.
- Fomentar os desenvolvementos colindantes coas áreas urbanizadas.

Criterio: **Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación de alternativas**. Nivel de detalle:

- Analizar as necesidades de mobilidade que requira o planeamento e ordenar en consecuencia, procurando minimizalas e aumentar a eficiencia dos modos de transporte.

Criterio: **Promover un desenvolvemento ordenado e eficiente**. Nivel de detalle:

- Identificar solucións de localización posibles dentro da ordenación do territorio que permitan o cumprimento dos obxectivos que se procuran.
- Favorecer unha estratexia de actuación que considere os criterios de sustentabilidade establecidos como prioridade para o interese colectivo.

▪ **EDIFICACIÓNS**:

As ordenanzas das NSP permitían a execución no sector de aproximadamente 50 vivendas, e as previsións para o PERI son unhas 30 novas residencias. As previsións das alternativas presentadas son as de facer un reparto do aproveitamento lucrativo en tres couzadas separadas por zonas verdes. Porén, primaranse as couzadas colectivas fonte ás unifamiliares, tentando levar a cabo a menor

ocupación do solo posible e permitindo deste xeito acadar unha maior superficie de zonas verdes e espazos libres tentando de que esta quede o menos fragmentada posible.

En todo caso, e dado a proximidade a outras zonas residenciais con numerosas vivendas baleiras, ou de segunda residencia (na zona sur da praia de Quenxe atópase unha zona urbana masificada, cunha tipoloxía arquitectónica non tradicional), xustificarase a necesidade de creación de novas vivendas no Concello.

Enmarcarase, o desenvolvemento previsto, dentro das previsións do Plan xeral de ordenación municipal, na actualidade en fase de tramitación.

Criterio: **Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica do Concello**. Nivel de detalle:

- Realizar unha previsión demográfica en función de aspectos cualitativos e cuantitativos que considere, ademais do número de habitantes actuais e futuros.
- Valorar as necesidades asistenciais, sociais, educativas, de ocio e calquera outra necesidade destacable en función das características da poboación actual e futura e considerar as posibilidades no ámbito de influencia.

Criterio: **Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre a contorna**. Nivel de detalle:

- Minimizar os custes ambientais, sociais e económicos derivados da instauración de edificacións, tomando como referencia os mínimos correspondentes á tipoloxía de edificación máis eficiente (tipoloxía de edificación unifamiliar vs. tipoloxía colectiva).

4. Indicadores de sustentabilidade

Co obxecto de avaliar a sustentabilidade e facilitar o seu seguimento, aportarase un cadro resumo cunha serie de indicadores que permitan comparar a realidade “antes” coa situación planificada.

O ISA incorporará un cadro resumo que incluirá, como mínimo, os indicadores enunciados a continuación, ou a xustificación técnica precisa para non incluílos no plan de seguimento. Para completar a información sobre os indicadores pódense consultar as seguintes fontes:

- ✓ Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Coor.), 2008: Indicadores ambientais de Galicia 2007.[1]
- ✓ European Environment Agency, 2005: “EEA core set of indicators – Guide”. Technical report No 1/2005. Office for Official Publications of the European Communities.[2]
- ✓ Instituto Nacional de Estadística, 2009: “Desarrollo sostenible 2008: sistema de indicadores de la Estrategia de Desarrollo Sostenible de la UE”.[3]

[1] http://www.siam.medioambiente.xunta.es/siam/index_indicadores.jsp
[2] http://www.eea.europa.eu

- ✓ Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2009: "Perfil Ambiental de España 2009: informe basado en indicadores".[4]
- ✓ Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2010: Banco público de indicadores ambientais.[5]

NATUREZA E PAISAXE

Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes

Descrición:	Permite avaliar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre no sector
Unidade de medida:	m^2/habitante
Método de cálculo:	Zonas verdes (m^2) / nº habitantes do sector
Actualización:	Anual

Densidade de especies arbóreas autóctonas

Descrición:	Densidade de arborado autóctono en zonas verdes e espazos libres do sector
Unidade de medida:	pés / ha
Método de cálculo:	Número de pés arbóreos / superficie total de zonas verdes e espazos libres do sector
Actualización:	Anual

Diversidade de especies arbóreas autóctonas

Descrición:	Diversidade de arborado autóctono en zonas verdes e espazos libres do sector
Unidade de medida:	Número de especies
Método de cálculo:	Número de especies de arborado autóctono
Actualización:	Anual

SOCIEDADE

Evolución da poboación

Descrición	O número total de habitantes permite avaliar en termos xerais o efecto fixador de poboación pola creación de solo residencial
Unidade de medida:	Número total de habitantes no sector
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Densidade de poboación no sector respecto da densidade media do solo urbano do Concello

Descrición:	Avaliación da evolución en termos de poboación do sector residencial respecto da densidade media de poboación en solo urbano do Concello. Permite medir aspectos como a calidade de vida ou servizos, que axudan a fixar poboación respecto doutros sectores da malla urbana
Unidade de medida:	hab./km^2
Método de cálculo:	Unha vez calculada a densidade para o sector, haberá que contrastalo coa densidade media para o Concello respecto do total do seu solo urbano (incluídos os sectores de solo urbanizable desenvolvidos e executados)
Actualización:	Anual

[3] http://www.ine.es/prodyser/pubweb/desos/desos.htm
[4] http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/perfil_ambiental_2009/
[5] http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/banco_publico_ia/index.htm

MOBILIDADE

Cobertura do transporte público

Descrición:	Avalía o acceso ao transporte público da futura poboación residente no ámbito a desenvolver. Defínese como a frecuencia diaria de servizo de transporte público a menos de 300 m
Unidade de medida:	Viaxes/día
Fonte de datos:	Concesionaria de transporte público municipal
Método de cálculo:	Análise de estatísticas de liñas de servizo de transporte público municipal
Actualización:	Anual

Distribución de tipos de viario

Descrición:	Avalía a tipoloxía de infraestruturas viarias dentro do sector a desenvolver e nas conexións contempladas. Defínese como a lonxitude de cada tipo de viario: zonas peonís, uso preferente peonil, carrís bici, carrís de transporte público segregado, zonas 20,30,50, etc.
Unidade de medida:	m ou km
Método de cálculo:	Cálculo da lonxitude dos distintos tipos de viario
Actualización:	Anual

ENERXÍA

Consumo total de enerxía en equipamentos a implantar

Descrición:	Consumo final de enerxía (electricidade, calefacción e auga quente) polos equipamentos públicos programados a raíz do desenvolvemento do Plan
Unidade de medida:	kWh/ano
Fonte de datos:	Facturas de electricidade, calefacción e auga quente
Método de cálculo:	Consumo total de enerxía
Actualización:	Anual

Produción autónoma de enerxía en equipamentos municipais

Descrición:	Número de edificios ou equipamentos programados a raíz do desenvolvemento do Plan con produción autónoma de electricidade, auga quente ou calefacción, mediante sistemas de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos, eólica, xeotérmica ou caldeiras de biomasa con subministro local
Unidade de medida:	Número de edificios ou equipamentos
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Sistemas de iluminación de baixo consumo

Descrición:	Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados a raíz do desenvolvemento do Plan
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Promotor
Método de cálculo:	(Nº sistemas de iluminación de baixo consumo / Nº sistemas de iluminación totais) x 100
Actualización:	Anual

CICLO HÍDRICO

Abastecemento de auga municipal

Descrición:	Avalía o incremento de abastecemento da rede municipal a consecuencia do subministro ao sector a desenvolver
Unidade de medida:	%
Método de cálculo:	abastecemento do sector (m^3*dia^{-1}) x 100 / abastecemento do Concello (m^3*dia^{-1}) O cálculo das necesidades de abastecemento terá en conta o consumo residencial, o dos equipamentos, as perdas, así como o do rego das zonas verdes se non se executan medidas para a reutilización das augas pluviais
Actualización:	Anual

Saneamento de augas residuais

Descrición:	Avalía a repercusión do desenvolvemento do sector a través da rede municipal respecto da capacidade total de depuración das augas residuais do Concello
Unidade de medida:	%
Método de cálculo:	saneamento do sector (m^3*dia^{-1}) x 100 / saneamento do Concello (m^3*dia^{-1})
Actualización:	Anual

Racionalización no consumo de auga

Descrición:	Número de vivendas con sistemas de reutilización de auga e/ou aproveitamento de pluviais
Unidade de medida:	Número de vivendas
Fonte de datos:	Promotor
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Afección sobre o estado das masas de auga

Descrición:	Durante a fase de obras, a Dirección facultativa encargada de executar o proxecto velará pola menor afección á ría
Unidade de medida:	Nº.
Fonte de datos:	Dirección facultativa
Método de cálculo:	Número de incidencias en relación ao estado da masa de auga durante as obras e caracterización da súa importancia (caracterizada a través das medidas empregadas para solventar a incidencia)
Actualización:	Anual

Episodios de contaminación en masas de auga

Descrición:	Avaliación do efecto do desenvolvemento respecto da calidade das augas da ría
Unidade de medida:	Nº.
Método de cálculo:	Denuncias de particulares ou do Organismo competente en materia de saneamento (Augas de Galicia), relacionadas co desenvolvemento do sector ao respecto do estado das augas da ría
Actualización:	Anual

Rede separativa

Descrición:	Existencia de rede separativa e % respecto ao total do saneamento do ámbito
Unidade de medida:	%
Método de cálculo:	(Lonxitude rede separativa / lonxitude total da rede de saneamento) x 100
Actualización:	Anual

CICLO HÍDRICO

Sistemas urbanos de drenaxe sostible

Descrición:	Superficie de Sistemas Urbanos de Drenaxe Sostible (SUDS) existentes ou de nova creación. Inclúense neste tipo de instalacións os firmes filtrantes, pozos, gabias e depósitos de infiltración, drenaxes laterais de calzada, franxas filtrantes, humidais artificiais e depósitos e estanques de retención
Unidade de medida:	m^2
Método de cálculo:	Superficie total de SUDS
Actualización:	Anual

ATMOSFERA

Exposición da poboación á contaminación electromagnética

Descrición:	Este indicador ofrece información sobre a poboación afectada pola proximidade de fontes de contaminación electromagnética
Unidade de medida:	Nº habitantes expostos
Fonte de datos:	Concello
Método de cálculo:	Poboación residente dentro do radio de afección[6] de fontes de contaminación electromagnética (instalacións de telecomunicacións, liñas eléctricas, subestacións eléctricas, redes WIMAX) emprazadas no sector.
Actualización:	Revisión do plan

CICLO MATERIAIS

Xeración de residuos urbanos (RU)

Descrición	Cantidade de residuos urbanos producidos no sector
Unidade de medida:	kg/(habitante x ano)
Fonte de datos:	Empresa concesionaria do servizo
Método de cálculo:	Total anual RU recollidos/número habitantes do sector
Actualización:	Anual

Recollida selectiva de RU

Descrición	Ratios de recollida selectiva
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva
Método de cálculo:	Ratio de recollida selectiva bruta (cálculo incluíndo todos aqueles residuos recollidos mediante os sistemas dispostos para a recollida selectiva) e recollida selectiva neta (inclúe aquelas fraccións contabilizadas na recollida selectiva bruta pero desconta as cantidades de materiais considerados impropios en cada sistema de recollida)
Actualización:	Anual

[6] Considérase zona de afección a recomendación do Consello da Unión Europea de limitar a densidade de corrente eléctrica inducida a 2 mA/m^2 en sitios onde poida permanecer un tempo prolongado e se calcula de forma teórica uns niveis de referencia para o campo electromagnético de 50 Hz: 5 kV/m para o campo eléctrico e 100 µT para o campo electromagnético (Fonte: Red Eléctrica Española).

CICLO MATERIAIS

Rutas de recollida de RU

Descrición:	Informa das distancias recorridas polo servizo de recollida de lixo en función do número de habitantes cubertos polo servizo. Da idea do grao de dispersión do ámbito a desenvolver e do consumo enerxético derivado do servizo de recollida de lixo
Unidade de medida:	m/habitante
Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva
Método de cálculo:	Lonxitude total da ruta de recollida de lixo/número total de usuarios cubertos polo servizo no ámbito a desenvolver
Actualización:	Anual

EDIFICACIÓNS

Edificacións rehabilitadas

Descrición:	Permite avaliar os plans de desenvolvemento de mellora dos núcleos rurais do concello e o grao de rehabilitación en relación a novos desenvolvementos residenciais
Unidade de medida:	Nº de licenzas
Fonte de datos:	Nº de licenzas para rehabilitación de vivendas – concello
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Vivendas baleiras

Descrición:	Número de vivendas baleiras existentes no concello
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Censo de vivendas, INE
Método de cálculo:	Nº vivendas baleiras / Nº total de vivendas
Actualización:	Cada 10 anos

SOLO

Consumo de solo executado

Descrición:	Indicador do grao de consumo de solo real (executado) polo plan de desenvolvemento respecto da superficie total do Concello
Unidade de medida:	%
Método de cálculo:	(Sup. do ámbito / Sup. do Concello) x 100
Actualización:	Cada vez que se revise o plan de desenvolvemento ou se execute outro plan concorrente

Superficie impermeabilizada

Descrición:	Avalía a porcentaxe da superficie impermeabilizada respecto da total. Trátase de identificar se existen desviacións na execución do proxecto respecto do previsto no Plan
Unidade de medida:	%
Método de cálculo:	(Sup. impermeabilizada / sup. total do sector) x 100
Actualización:	Trimestral, ata que remate de forma definitiva o desenvolvemento do sector

Presión urbana

Descrición:	Relaciona o número total de habitantes que viven no sector coa súa extensión superficial. A presión demográfica está relacionada con outros indicadores como o consumo de solo, o consumo de auga e enerxía ou a produción de lixo
Unidade de medida:	Habitantes/km^2
Método de cálculo:	Poboación total do ámbito/ superficie total
Actualización:	Anual

5. Informe de sustentabilidade ambiental

O ISA será parte integrante da documentación do Plan, tal e como establece o artigo 8.4 da Lei 9/2006, debendo cumprir a condición de ser "accesible e intelixible para o público e as Administracións Públicas", de contido sucinto, razoado e expresivo, sustentado en referencias sintéticas e claras ás partes concretas do Plan nas que pode atoparse a información e a análise máis detallada e complexa.

Será o documento que recolla a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva do Plan. Para elo, farase unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do sector, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida, establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento.

5.1. Estrutura do ISA

A estrutura e os aspectos que deberán integrar este documento serán os seguintes, en coherencia e desenvolvendo o establecido no anexo I da Lei 9/2006:

1. **Determinación do ámbito de influencia do planeamento.**

   Determinarase o ámbito de influencia en función dos seus efectos previsibles. Neste ámbito xeral considerarase a área de estudo e poderá variar segundo a variable de sustentabilidade.

2. **Análise obxectiva da contorna.**

   Realizarase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa ao novo planeamento e a súa evolución previsible en ausencia do planeamento.

   Deberanse considerar, como mínimo, os seguintes aspectos:

   a) Análise obxectiva da situación actual que se pretende abordar co desenvolvemento do Plan, sinalando condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación de partida no seu ámbito de influencia.

   b) Relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión que poidan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos.

   c) Identificación dos elementos estratéxicos do territorio en función das variables de sustentabilidade e caracterización da súa funcionalidade.

3. **Definición de obxectivos.**

   Estableceranse os obxectivos xerais e específicos para manter ou potenciar a funcionalidade dos elementos estratéxicos identificados.

Este apartado completarase cunha xustificación de como foron consideradas as variables de sustentabilidade na selección destes obxectivos.

4. **Análise das alternativas.**

   Para acadar os obxectivos do planeamento poden existir múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas. As alternativas máis viables deben ser definidas coa precisión necesaria para permitir a súa valoración, e ao mesmo tempo, deben ser o suficientemente sintéticas para facer operativo o proceso.

   Estas alternativas propostas serán valoradas en base á integración dos criterios de sustentabilidade establecidos neste DR, facendo referencia ademais ás posibles dificultades (deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia) á hora de recompilar a información requirida.

   Entre as alternativas viables deberase incluír a alternativa 0, máis que por considerala viable, tratarase de motivar a necesidade do planeamento ao respecto do propio escenario tendencial establecido polo marco urbanístico existente.

   As alternativas consideradas serán polo menos dúas, ademais da “0”. Finalmente, explicarase razoadamente a selección da alternativa proposta.

5. **Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.**

   Identificaranse e analizaranse os posibles efectos ambientais (deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos) da alternativa finalmente seleccionada sobre cada unha das variables de sustentabilidade establecidas neste documento.

6. **Deseño de medidas.**

   Deseñaranse as medidas necesarias tendo en consideración a natureza dos efectos ambientais da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade, xa sexa para potencialos (de ser positivos) ou para previlos, corrixilos ou compensalos (se fosen negativos).

   Neste sentido, ademais dos criterios ambientais establecidos no DR, poderíanse establecer os seguintes grupos de medidas:

   - Medidas ambientais xa reguladas na normativa sectorial vixente onde o Plan debe velar polo cumprimento estrito de dita normativa.
   - Medidas que deben recoller o Plan, na súa normativa, como requisitos e/ou especificacións concretas de garantía da integración de cuestións ambientais. Estas medidas tamén deberán aparecer nos plans e proxectos que posteriormente vaian a desenvolverse.

- Medidas que se deben ter en conta durante as obras de urbanización dos desenvolvementos contemplados.

7. Establecemento do plan de seguimento.

Establecerase un plan de seguimento que permita coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre elas, e por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos para cada variable propostos no novo planeamento, para o que se establecerá un sistema de indicadores que permita a devandita avaliación.

Estableceranse, na medida do posible, valores de referencia para os indicadores que permitan determinar a necesidade de aplicar as medidas de seguimento e mecanismos previstos para corrixir os efectos negativos producidos, así como identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos, ou ben para reconducir o Plan no caso de que non se estivera a producir unha consecución dos seus obxectivos, podendo levar á súa modificación ou revisión.

A proposta do plan de seguimento incluirá unha valoración económica, e deberá considerar a participación do órgano ambiental, establecendo a periodicidade coa que se realizarán os informes, que serán de acceso público.

8. Informe sobre a viabilidade económica.

Incluirase un informe sobre a viabilidade económica das alternativas propostas e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e das de fomento dos positivos.

9. Análise da coherencia.

Analizarase a coherencia, por unha parte, entre a alternativa seleccionada e os obxectivos establecidos, e por outra, entre estes obxectivos e a análise de partida que identificou os elementos estratéxicos do territorio.

10. Resumo non técnico.

Incluirase un resumo non técnico da información solicitada nos apartados previos.

6. Especificacións técnicas

Toda a documentación, incluída a cartográfica, entregarase en **formato impreso e dixital**, cun grao de detalle tal que posibilite avaliar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade establecidos. Respecto da información xeográfica, seguiranse as seguintes especificacións técnicas.

A. Respecto da calidade dos datos xeográficos e do sistema xeodésico de referencia.

Os datos xeográficos serán aportados en formatos compatibles con sistemas de información xeográfica (SIX). Se consideran datos de SIX a estes efectos os datos almacenados en formato SIX cunha referenciación xeográfica ligada a un sistema de referencia de coordenadas.

Non se consideran datos SIX aqueles pegados ou almacenados en arquivos sen un sistema de referencia de coordenadas, como son as composicións de mapas (layouts) nalgún dos seguintes formatos: Postcript, JPEG, TIFF, PDF, EPS, WMF, PNG, ou calquera outro formato de imaxe dixital.

O sistema de proxección a empregar será o UTM (Universal Transversal Mercator), adoptándose como sistema de referencia xeodésico o sistema ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) ou ED50 (European Datum 1950).

B. Respecto da resolución e xeralización (escalas).

A Resolución espacial da cartografía aportada virá definida pola Unidade Mínima Cartografiable (UMC). Esta UMC defínese como a extensión mínima espacial que formará unha unidade de cartografía ou tesela para o caso de entidades vectoriais poligonais, e o ancho mínimo para entidades vectoriais lineais. Adoptarase como escala de referencia a 1:5.000.

Escala	UMC (liñas, puntos) (m)	UMC polígonos (m^2)
1:5.000	1	625

Táboa: unidades mínimas cartografiables (entidades poligonais)

Establécense excepcións para as seguintes unidades cartográficas relativas á cartografía de elementos relevantes.

Escala	UMC polígonos (m^2)
1:5.000	300

Táboa: unidades mínimas cartografiables

C. Ao respecto dos formatos para os conxuntos de datos espaciais.

Os conxuntos de datos espaciais poderán ser datos vectoriais, raster, datos tabulares, ou bases de datos espaciais.

Os datos en formato raster entregaranse preferentemente como bandas individuais, empregando o formato de arquivo Geographic Tag Image File Format (GeoTIFF) . En canto aos formatos vectoriais admitirase o ESRI shapefile (shp) e para datos tabulares Microsoft Access Database (mdb), DBASE (dbf) e ficheiros delimitados por comas (CSV).

D. Ao respecto dos metadatos.

Os datos xeográficos subministrados, deberán ir acompañados dos seus respectivos metadatos co fin de subministrar información sobre a data de creación, o autor, a escala de referencia, etc.

Neste senso, os contidos de metadatos dos datos xeográficos axustaranse aos contidos do Núcleo Español de Metadatos do Consello Superior Xeográfico do Instituto Xeográfico Nacional[7], e para cubrir a ficha de metadatos empregarase o editor de metadatos CatMDEdit[8].

O cumprimento destas pautas considerarase imprescindible para que a documentación do Plan que se remita á Secretaría Xeral se valore como completa.

7. Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado

O artigo 9.2 da Lei 9/2006 sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Plan, que incluirá o ISA, será realizada por parte do órgano promotor, como mínimo, ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado que se citan a continuación:

7.1. Administracións Públicas

1. Administración Xeral do Estado:
   - Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino:
     - Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, no tocante ás actuacións que afecten á protección, conservación e delimitación do dominio público marítimo-terrestre dentro do Concello.
   - Calquera outro ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

[7] www.idee.es/resources/recomendacionesCSG/NEM.pdf
[8] Descarga gratuíta na seguinte páxina web: http://catmdedit.sourceforge.net

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:
   - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
     - Secretaría xeral de calidade e avaliación ambiental. Subdirección xeral de avaliación ambiental en relación á calidade do ISA.
     - Secretaría xeral de ordenación do territorio e urbanismo, respecto da ordenación proposta.
     - Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, respecto da paisaxe e coherencia coas Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral.
     - Dirección Xeral de Mobilidade, en canto ás iniciativas de transporte sostible existentes de programas e plans de mobilidade en curso.
     - Organismo Autónomo Augas de Galicia, no tocante á protección dos recursos hídricos e á súa dispoñibilidade para os usos previstos polo planeamento, á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas e as zonas identificadas con risco de inundación.
   - Consellería de Cultura e Turismo:
     - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (acerca da conservación e protección do patrimonio cultural).
   - Consellería do Medio Rural:
     - Dirección Xeral de Montes, acerca da localización de montes veciñais en man común e de montes públicos; dos instrumentos de xestión de montes existentes; do grao de perigo de incendio e vulnerabilidade da poboación e dos sistemas forestais incluído o risco de erosión.
     - Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural e paisaxístico.
   - Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.
3. Administración Local:
   - Deputación provincial da Coruña.
   - Concello de Cee.

7.2. Público interesado

Considérase público interesado afectado pola aprobación do Plan especial de reforma interior de acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006:

1. Toda persoa física ou xurídica na que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 31 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

2. As persoas xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, entre outros:

   - Federación ecoloxista galega.
   - Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia.
   - Asociación Galicia non se vende.
   - Asociación ecoloxista Verdegaia.
   - Asociación ecoloxista Amigos da Terra.

Esta fase de consultas e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, farase durante un prazo mínimo de **dous meses** (apartado 2 do artigo 85 da LOUG) para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e o público interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción dos correspondentes anuncios, que se publicarán na forma que determine a lexislación reguladora do procedemento de aprobación do Plan, para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006.

7.3. Informe de participación e consultas

O órgano promotor responderá de xeito motivado ás observacións e alegacións que se formulen durante o período de información e consultas, incluídos os informes sectoriais recibidos, e elaborará un documento no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se tomaron en consideración.

Esta descrición do procedemento incluirá:

- As datas de publicación dos anuncios da exposición pública e o período no que se realizou.
- Relación dos informes sectoriais solicitados e das consultas (administracións públicas e público interesado) establecidas neste DR, obtivesen ou non resposta, indicando expresamente cales foron atendidas e cales non e o número total de alegacións, indicando cantas foron integradas na súa totalidade, cantas denegadas e cantas integradas parcialmente.
- Copia dos informes sectoriais recibidos e das alegacións, non sendo necesario en principio, achegar copia das alegacións presentadas por particulares.

ANEXO I

Resultado das consultas e da exposición pública do anteproxecto de planeamento

O Anteproxecto de planeamento someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver *Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible*) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do presente DR acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a este Plan (http://aae.medioambiente.xunta.es). Recibiuse resposta de: Augas de Galicia e a Subdirección Xeral de Calidade Ambiental en materia de residuos e a través da web do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Todos os informes recibidos son remitidos xunto co presente DR ao Concello salvo os comentarios do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego cuxo contido se reproduce de forma resumida no presente anexo.

A continuación exponse un resumo dos comentarios recibidos:

Augas de Galicia:

Segundo o informado por Augas de Galicia, o Plan deberá contemplar a seguinte información para poder avaliar os seus efectos sobre o medio hídrico:

- Identificación da rede fluvial. Débense identificar todos os leitos e correntes naturais existentes no ámbito da actuación, reflectindo na documentación gráfica e no texto das ordenanzas as zonas de protección; deberanse respectar as zonas de servidume (5 metros) e policía (100 metros), regulando os usos permitidos, os que necesitan autorización e os usos posibles. Identificarase concretamente a previsión de paseos ou praias fluviais, zonas de baño ou deportes náuticos, que poidan producir unha incidencia negativa no medio. No plano nº1 que se achega recollese a rede hidrolóxica codificada no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC) e que corresponde coas concas de aportación maiores de 1 km^2, neste caso ámbito de actuación non existe ningún río.
- Dispoñibilidade de recursos hídricos. Deberase xustificar a orixe da auga coa que se vai abastecer o incremento de consumo previsto, indicando os datos de caudal, punto de toma e sistema de captación, así como o volume do incremento de consumo previsto, baseándose nun estudo das necesidades en función do destino do novo consumo.
- Espazos naturais e zonas sensibles. O PHGC establece unha serie de espazos naturais que serán obxecto de especial protección, e introduce unha serie de prescricións que será preciso

considerar, no caso que a actuación afecte a estas zonas. No ámbito de actuación non se atopa ningún espazo pertencente á Rede Natura 2000, nin ningún outro espazo catalogado polo PHGC.

- Mantemento dos obxectivos de calidade e ambientais no medio receptor. Indicarase o sistema de saneamento que se propón, o destino do vertido das augas residuais e a súa posible afección sobre a calidade das augas do medio receptor. Sinálase a prohibición expresa de realizar calquera vertido, directo ou indirecto, fóra da rede de saneamento municipal (no caso de que exista), agás autorización expresa da administración hidráulica
- Incidencia da actuación sobre o réxime de correntes. No desenvolvemento do PERI deberase xustificar a non incidencia da actuación no réxime de correntes, así como a non afección a terceiros como consecuencia da alteración das escorrentas que comportaría o cambio de uso proposto (urbanización, polígonos, etc.) identificando as zonas con potencial risco de asolagamento.

Subdirección Xeral de Calidade Ambiental:

A Subdirección Xeral de Calidade Ambiental informa respecto da xestión dos residuos nas diferentes fases do Plan, das competencias no seu tratamento e as determinacións que debe incorporar, de ser o caso, o Plan municipal de recollida de residuos urbanos.

Grupo municipal do Bloque nacionalista galego

Así mesmo, e a través da páxina web, recibíronse comentarios do portavoz do grupo municipal do BNG do Concello. Os comentarios céntranse na afección que o Plan poida ter sobre a paisaxe costeira, e ao tratamento, que desde urbanismo, se fixo no seu día deste Plan especial na anterior tramitación do PXOM (na actualidade o Concello volveu a iniciar a tramitación do seu Plan xeral ao terse que adaptar á Lei 2/2010). Igualmente, considera oportuno ordenar a zona como espazo libre a través dun Plan especial de protección, cuestionándose a xustificación da construción de novas vivendas para segunda residencia no Concello.

Logo da análise das suxestións expostas polos organismos mencionados, foron integradas as que se consideraron pertinentes nos criterios e condicións específicas que establece este DR.